

Google Cloud Architect

Descrición

Este curso ofrece un resumo dos produtos e servizos da plataforma Google Cloud. Combinando presentacións, demostracións e laboratorios, o alumnado aprenderá o valor da plataforma Google Cloud e como incorporar solucións baseadas na nube en estratexias comerciais.

Tamén introduce aos estudantes aos servizos de plataforma e infraestruturas completos e flexibles ofrecidos por Google Cloud Platform.

Combinando presentacións, demostracións e laboratorios, exploraranse e implementarán elementos de solución, incluídos compoñentes de infraestrutura como redes, sistemas e servizos de aplicacións.

Este curso tamén abrangue a implementación de solucións prácticas que inclúen redes seguras interconectadas, claves de cifrado emitidas polo cliente, xestión de seguridade e acceso, taxas e distribución e control de recursos. O alumnado aprenderá a deseñar despregamentos GCP seguros e fiables; e como operar cos despregamentos de GCP dispoñibles e rendibles.

As probas de selección realízanse mediante plataforma online, sen necesidade de desprazamento presencial ao CNTG, a poderá realizar o alumnado inscrito ao curso dende o seu domicilio ou lugar de traballo, tendo en conta que a plataforma online abrirase automaticamente na data e hora indicada para iso.

O alumnado inscrito recibirá un mail dende a entidade adxudicataria co acceso a esta proba uns 2 días antes da mesma.

A plataforma online de probas de selección é compatible coas versións estables máis recentes de todos os navegadores web e sistemas operativos máis populares (Windows, MacOS, Android ou calquera distribución Linux).

Por tanto, para acceder á plataforma simplemente necesitarase un equipo de sobremesa, portátil con acceso a unha conexión estable de Internet.

Recomendable ter coñecemento/nivel medio de comprensión lectora en inglés debido a que a proba de nivel pode incluír preguntas en inglés e o exame oficial de certificación ao que se opta neste curso xeralmente realízase en Inglés.

Para seguir o curso é necesario que o equipo conte con altofalantes ou auriculares.

O CNTG facilitará os correos electrónicos das persoas inscritas á empresa organizadora das probas para que esta poida crearlles e comunicarlles as ligazóns de acceso tanto á proba como ao curso.

Obxectivos

Este curso ofrece un resumo dos produtos e servizos da plataforma Google Cloud. Combinando presentacións, demostracións e laboratorios, os estudantes aprenderán o valor da plataforma Google Cloud e como incorporar solucións baseadas na nube en estratexias comerciais.

Tamén introduce ao alumnado aos servizos de plataforma e infraestruturas completos e flexibles ofrecidos por Google Cloud Platform.

Combinando presentacións, demostracións e laboratorios, exploraranse e implementarán elementos de solución, incluídos compoñentes de infraestrutura como redes, sistemas e servizos de aplicacións.

Este curso tamén abrangue a implementación de solucións prácticas que inclúen redes seguras interconectadas, claves de cifrado emitidas polo cliente, xestión de seguridade e acceso, taxas e distribución e control de recursos. O alumnado aprenderá a deseñar despregamentos GCP seguros e fiables; e como operar cos despregamentos de GCP dispoñibles e rendibles.

Dirixido a

Este curso está dirixido a:

- Aquelas persoas que planean implementar aplicacións e crear contornas de aplicacións en Google Cloud Platform
- Persoas desenvolvedoras, operadoras e arquitectas de sistemas que están a comezar coa plataforma Google Cloud
- Executivos/as e empresarios/as que estean a avaliar o potencial da plataforma Google Cloud para atender ás súas necesidades

Debe estar familiarizado coa liña de comandos Linux, servidores web e editores de texto.

Debe ser capaz de entender documentación técnica en inglés.

Perfil do docente

O equipo da empresa formadora está composto por persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica neste campo. O profesorado dispón das certificacións oficiais requiridas por Google Cloud para impartir este curso.

DURACIÓN	40 horas
PROGRAMA	Programación 2020/21
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Google Cloud Certified Associate Cloud Engineer
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
PERIODO INSCRICIÓN	13/01/2021 - 19/01/2021
PROBA DE SELECCIÓN	01/02/2021, 16:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

- Fundamentos de Google Cloud: Core Infrastructure
 - Introducción á plataforma Google Cloud
 - Comezo coa plataforma Google Cloud
 - Máquinas e redes virtuais na nube
 - Almacenamento en nube
 - Contedores en nube
 - Aplicacións en nube
 - Desenvolvemento, implementación e seguimento na nube
 - Big Data e Machine Learning na nube
- Arquitectura con Google Compute: Engine
 - Introducción á plataforma Google Cloud
 - Redes virtuais
 - Máquinas virtuais
 - Cloud IAM
 - Servizo de almacenamento de datos
 - Administración de recursos
 - Redes interconectadas
 - Equilibrio de carga
 - Abalo de carga
 - Autoescalado
 - Automatización de infraestruturas con API de Google Cloud Platform
 - Automatización de infraestruturas con Xestor de implantación
 - Administración do servizo
- Arquitectura con Google Cloud Platform: Deseño e proceso
 - Definición de servizos
 - Deseño da capa de lóxica de negocio
 - Deseño da capa de datos
 - Deseño da capa de presentación
 - Deseño para resistencia, escalabilidade e recuperación ante desastres
 - Deseño para seguridade
 - Planificación de capacidades e optimización de custos
 - Despregamento, monitoraxe, alerta e resposta de incidentes